



CÁTEDRA

Revista eumesa de estudios

Consello de Redacción:

Alexandre Caínzos Corbeira
Carlos de Castro Álvarez
Andrés López Calvo
Rocío Pena Pena
Sindo Vilariño Gómez

Traducción e supervisión lingüística dos textos en galego:

Esther Leira Penabad

Imaxe da cuberta:

25 cubertas de 25 números da Revista Cátedra.

Deseño da cabeceira da revista:

Noli Vilariño

Deseño e maquetación da cuberta e do interior:

Marga L. Lamas. flopsstudio.com

Impresión:

Imprenta da Deputación Provincial da Coruña

Colaboracións:

As colaboracións deberán dirixirse a
"Cátedra. Revista eumesa de estudos"
Biblioteca Municipal de Pontedeume
Rúa Couceiro Freijoomil, 5 – 15600 PONTEDEUME (A Coruña)
Telf. 981/43 25 98
Os traballos deberán ser inéditos.
O Consello de Redacción da revista, non se identifica necesariamente
coas opinións verquidas nos artigos publicados.

Páxina *web* da revista:

catedra.pontedeume.es

Edita: Concello de Pontedeume

Dep. Leg.: C-1702/93

ISSN: 1133-9608

Esta revista está subvencionada
pola **Deputación Provincial da Coruña**

PRESENTACIÓN

Neste 2018 cúmprense 25 anos do nacemento da Revista Eumesa de Estudios Cátedra, o que constituíu sen lugar a dúbidas un dos acontecementos culturais máis importantes da historia recente de Pontedeume. Un cuarto de século adicado á investigación e difusión do pasado social, político e cultural da nosa vila e bisbarra que, ao longo deste tempo, fixeron de Cátedra todo un referente a nivel galego neste tipo de publicacións.

Non é posible concibir un membro dunha comunidade social sen o coñecemento preciso da súa historia. Isto, indiscutiblemente, permítenos amar as nosas raíces, comprender o presente e axudar conscientemente a forxar o futuro da nosa sociedade. E aí radica a importancia de Cátedra, pois dende a súa primeira edición aló polo ano 1994 cumpriu fielmente a súa función de “vehículo do coñecemento”, poñendo á nosa disposición os traballos de historiadores e investigadores e permitíndonos dar luz a múltiples e diversos aspectos da nosa historia, o que sen lugar a dúbidas enriqueceu a varias xeracións de eumeses e eumesas.

É por iso que tanto dende as institucións como a título persoal como veciños e veciñas, debemos agradecer e recoñecer a disposición e traballo de todas e todos os autores que ao longo destes 25 anos deron contido, e sobre todo sentido, a Cátedra. Tamén aos membros do Consello de Redacción, xa que sen a súa adicación e colaboración non sería posible cumprir estas vodas de prata, e facelo ademais gozando de excelente saúde creativa.

A todas e todos eles, grazas e longa vida a Cátedra.

Bernardo Fernández Piñeiro
Alcalde de Pontedeume

